Din que hai festa din que hai viño

Intro **G – C – G – D**
Estrofas e retrouso **G – D – Em – C** | Remate **C – D – G**
Final **Em – C – G – D**

Intro
| G | C | G | D | x2

Estrofa 1
G
Non sei nin que día era,
D
máis me dixo meu irmán,
Em
“en Compostela hoxe non queda
C
nada novo pra mirar”.
G
Daquela xa vin ben claro
D
que tocaba arrincar,
Em
que se o Albariño nos chama
C D G
non se lle pode faltar!

Estrofa 2
G
Chegamos e xa na praza
D
había festa de verdade,
Em
postos cheos, risas claras,
C
viño fresco é calidade!
G
Adegas que teñen leiras
D
moito traballo lles deron
Em
vendimar é só unha parte
C D G
cunca e grolo mereceron!

Retrouso
G
Din que hai festa, din que hai viño,
D
din que non falte o Albariño
Em
que onde haxa festa e amigos
C
vou correndo, non dubido!
G
Din que hai festa, din que hai baile,
D
din que a noite está por vir
Em
vas por unha copa soa…
C
ti xa non queres partir!
G
Din que está a soar a gaita,
D
din que ferve o corazón,
Em
que entre risas e cantigas
C D G
arde viva a tradición!!!

Estrofa 3
G
Uns falaban das colleitas,
D
outros do tempo e do mar,
Em
e nós entre a boa xente
C
xa non queremos marchar!
G
E alí tiña uns amigos
D
deses bos de convidar,
Em
“se mollas a gorxa un chisco
C D G
logo tes que comentar!”

Retrouso
Repite o retrouso completo.

Estrofa 4
G
Como fomos coma sempre
D
de sorpresa e sen pensar,
Em
a un furancho nos levaron:
C
“fame non ides pasar”.
G
Empanada, carne ao forno,
D
polvo á feira e algo máis,
Em
cada prato que chegaba
C D G
xa era excusa para quedar

Retrouso
Repite o retrouso completo.

Final
Em
E cando fala meu pobo,
C
eu non podo dubidar,
G
esta é a miña casa,
D
aquí está o meu fogar!!!!

Retrouso final
Repite o retrouso completo.